

1ª edición, 1ª impresión, 2019
2ª impresión, marzo 2020

©Xosé Manuel Vega Gómez
©Follas Voadoras, SL, 2019
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz (Galicia)
aira@airaeditorial.gal
airaeditorial.gal

Deseño e maquetación: Punto e Coma Creación

Impresión e encadernación: La Imprenta CG

Consello Asesor de Aira Editorial:
Yolanda Ferreiro, Luís Carreira, Tatiana López,
Xosé Francisco Pedras, Xíán Bobillo e Marcos Atrio.

ISBN: 978-84-947807-6-9
Depósito Legal: OU-147-2019

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e promocións
especiais para a comunidade lectora da Aira:



Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen autorización.

DÉIXATE DE ÓDEGAS

Xosé Manuel Vega

Á miña familia e ós que me quixeron e me fixeron rir.

A COCHA

—*Ai, nenín, mañá tes que levar a cocha ó rancho.*

Levar unha cocha ó rancho era algo que eu nunca fixera, e nunca pensara ter que facer, porque non era un traballo para un home, e moito menos para un neno merecente de respecto. Normalmente, cando me mandaban facer algo nunca protestaba, pero aquel día opuxen tanta resistencia puíden. Dixen que eu, coa cocha, nunca me entendera; que era moi teimuda; que non obedecía nunca; que, como se lle metese unha idea na cabeza, non había quen lla quitase.

A razón que me daban para mandarme a min era que meu pai non podía ese día porque tiña non sei que viaxe e, se esperabamos máis, ó mellor lle pasaba o luado e, para que parise na primavera, había que asistila agora. Non podía argumentar que non sabía o camiño, porque había pouco que levara unha vaca ó boi a Tocende, e era alí onde quedaba o único cocho marón da rodeada.

—*Anda, ho, anda, que a cocha é muito mellor de levar ca a vaca.*

Apesarado, fun para a cama cedo e, en canto apaguei o candil, empecei a cavilar no que me agardaba. Púxenme a andar mentalmente o camiño que ía ter que facer pola mañá coa cocha. Sabía que, ó paso dela, serían unhas tres horas de ida e outro tanto de volta. Pero o problema non era ese, nin era que fose fácil ou difícil de levar. O problema era a vergonza que ía pasar.

O que máis me amolaba era que me comparasen levar unha vaca ó boi con levar unha cocha ó rancho. Dunha vaca sénteste orgulloso e pódela levar dunha forma digna: pode ir atada cunha corda ou, se é un pouco mansa e sabes manexala cunha boa aguillada, incluso podes levala anteposta e solta. Pero, como levas unha cocha dun xeito algo digno? Non hai maneira.

As cochas ó rancho levábanas normalmente as mulleres. Eu tíñaas visto moitas veces levando as cochas ó rancho, e era normal porque eran as que as coidaban desde que nacían. Todas se daban moito xeito e a maioría ían falando coa cocha, como se as entendese.

—*Anda, ruca, ven; anda, ven...*

Ás veces a obediencia da cocha era interesada, porque case sempre levaban uns grans nunha fardela e íanllos botando no chan ós poucos para que a cocha as seguise, como se fose un can. E normalmente seguíaas. Pero un home non podía ir falando cunha cocha.

Se me vise alguén falando coa cocha seguro que ó día seguinte xa o sabían todos os rapaces da parroquia. É certo que tamén había algúns homes que levaban as cochas ó rancho. Eran deses ós que o meu tío Xeneroso lles chamaba «aneapitas», porque eran tan xeitosos coas mulleres que parecían galos deses que se desviven por ter as pitas contentas. Os que intentaban levala

diante afalándolle cunha vara, se non a trataban con xeito, á mínima ocasión a cocha escapáballes botando un bruído, e poucas cousas hai máis humillantes para un home que verse correndo tras dunha cocha. Algúns, para que non lles escapase nin lles collese ó revés, levábana atada cun barazo por unha pata de atrás.

Eu non podía humillarme de ningunha desas maneiras: non pensaba ir falando coa cocha nin botarlle grans para que me seguise; nin tampouco pensaba levala atada por ningunha pata. Levaríaa como levara a vaca: anteposta e guiándoa coa aguillada.

—*Home, dá gusto verte; vaia ben que a levas. Manaias tu.*

Debía levar xa unha ou dúas horas na cama, pero non daba collido o sono e os posibles contratempos volvíanme continuamente á cabeza: podía escaparme por calquera carreiro ou tirar monte a través e metérseme nalgunha toxeira da que non a dese sacado, ou podía pegar a volta nun descoido e volver correndo para a casa.

Propúxenme pensar no que tería que pasar para que todo saíse redondo. Confiaba en que, se conseguía baixar con ben ata as Veigas, ó empezar a subir a Costa do outro lado do río a cocha logo ía cansar e perdería a frela por escapar.

Ó que máis lle temía era a cruzarme con alguén ó pasar Casteldemaría, ou, peor aínda, que me visen os rapaces da Rosiña ou os de Méndez, todos boas pezas, e se metesen comigo, ou lle empezasen a berrar á cocha e a tirarlle pedras e ma espantasen. Pero non quería seguir pensando, o que tiña que facer era durmir.

—*Todo por non ter un cocho marón na casa.*

Pola mañá había algo de néboa, pero non chovía. Despois de darnos algo de almorzar, á cocha e a min, botáronnos fóra e empezamos a andar polo lugar abaixo. Eu sentíame como se fose con todas as vergonzas ó aire. Non levantaba a vista dos pés para non ver se algún veciño nos miraba.

Ó pouco de deixar atrás a última casa de Souto, a de Baixo, e confiado en que ninguén nos vira, reparei en que a cocha levaba un gorlar alegre e que se deixaba guiar pola miña voz, mellor dito, polos meus pensamentos, porque eu o único diálogo que levaba era interior. Todo estaba nese silencio das mañás de febreiro, o frío convertía o meu alento e o da cocha nunha bafarada que se fundía no aire. Só se oían os nosos pasos e o seu gorlar.

—*Gro... gro... gro...*

Non fixo ademán de querer coller cara ó prado nin cara ó souto, onde tan vezada quedara nas castañas. Levaba o paso regular que lle marcaba o meu andar, sen necesidade de tocarlle o máis mínimo coa vara. Cruzamos o río das Veigas, os dous polo pontigo, e a cocha non se espantou co ruxir da auga que pasaba por debaixo nin meteu ningún pé polos buracos que había entre as táboas do pontigo.

Empezamos a subir a Costa e a cocha seguía alegre, cun gorlar que primeiro soaba como un acompañamento do camiño pero que logo me pareceu percibir nel a cadencia dunha conversa. Acababamos de dobrar a segunda revolta da Costa cando me pareceu que a cocha ía metendo no medio daquel gorlar tan cadencioso sons que non eran propios da lingua dos porcos.

—*Gro-gro-cos-gro-gro-ta.*

En canto conseguín limpar o seu discurso de gorglidos, empecei a entenderlle as palabras. Mirei por se viña alguén detrás de

min e era quen estaba metendo aquelas sílabas da linguaxe humana entre o gorlar da cocha. Pero alí só estábamos nós. Puxen a máxima atención no que dicía e empecei a entenderlle todo.

—*Maseiro, graos, patacas, castañas.....*

Fixo un silencio e levantou a cabeza para mirarme ós ollos. Non sei se vós lle mirastes ós ollos a un porco algunha vez cando el está mirando para vós, pero é unha mirada que di moitas cousas.

—*Sinto que vaias tan a desgusto; a vergonza que che dá ir comigo non cha podo quitar pero o que si che aseguro é que non che vou dar traballo. E non te enfades porque non haxa un cocho marón na casa; tes que saber que non está mui ben visto, e quen o ten é considerado un pouco fato; as montas apenas se pagan e, por riba, cando os matan, a carne dos cochos sen capar cheira a bravío que atufá. Así que os cochos maróns escasean e os poucos que hai teñen que darlles servizo ás cochas de varias parroquias. E así están, desgandados; montan sen entusiasmo, como se fose unha condena. Eu a este que me levas ben o coñezo. Xa me levaron onda el outras dúas veces e sei ben como é: vellote, nada xeitoso e xa veremos se, cos anos que ten, pode facer cría.*

Nunca me custara tanto espertar coma aquel día, nin cando tiña que madrugar para ir espelir a herba.

—*A ver, ho, pero moito dormes hoxe. Veña, levanta que se vos fai tarde. A cocha xa está lista pre marchar.*

De quitado que a cocha me falase, a viaxe foi exactamente como acontecera no soño.

LISARDÍN

—*Oi, cura, cago na puta que te pariu!*

Aquela voz resoou por todo o cuarto coma un trono seco. Acababamos de entrar do recreo; eu tería uns sete anos, estaba en segundo. Eu algo así nunca o oíra. Cando digo que a voz resoaba é que resoaba: parecía que saíra do fondo dun pozo ou de dentro dunha artesa. Todos miramos de inmediato a don José, que levantou a cabeza cunha expresión propia de quen acaba de recibir un lesnazo.

—*¿Quién ha sido?!*

Eu fun tres anos á escola a Casteldemaría. Non había escola propiamente dita, o mestre daba clase no cuarto da casa dalgún veciño, case sempre na de Veiga, que eran tíos meus. Alí estábamos xuntos nenos e nenas, e mozos e mozas, de entre seis e dezaseis anos, con tamaños máis ou menos acordes ás idades, repartidos en varias mesas, tamén moi dispares en tamaño e en feitura, dispostas en dúas reas fronte á mesa do cura, que aquel ano aceptara facer de mestre ata que Cacharro nos mandase unha mestra.

—*Oi, cura, cago na puta que te pariu!!*

A voz volveu tronar con maior forza. A cara de don José empezou a desfigurarse. Quitou as lentes, pousounas enriba da mesa, levantouse e, como un autómeta, empezou a avanzar entre as dúas reas de mesas mirando alternativamente a un lado e a outro. Eu tiña a cabeza gacha e case non me atrevía a levantar a vista. Cando o cura pasou por detrás de min e sentín que seguía avanzando, mirei para el un segundo e vin que camiñaba cos dous puños pechados, como se nos fose descargar sobre as cabezas dous mazazos á vez.

—*¡¡¿Quién ha sido?!!*

A don José, cando non estaba presente, ninguén lle chamaba cura, todos lle chamaban “o curiña”. Era aínda novo, delgado, máis ben baixo, con voz un pouco de pito; notábase que era moi cohibido porque baixaba e cabeza cando algún pai lle viña preguntar que tal ía o seu fillo e lle insistía en que lle dese duro se non andaba ó dereito.

—*¡¡¡¿Dónde está Lisardo?!!!*

A cara de don José xa pasara do colorado ó morado. Chegara ó extremo das ringleiras e dera a volta. Non se oía nin unha mosca, seguramente porque era inverno. De súpeto, don José parou onda a mesa grande. Era unha desas mesas que había en todas as casas e que tiñan como función principal aguantar a caixa do defunto cando alguén morría. Entre morto e morto, estas mesas servían para comer nelas nalgunha ocasión especial, pero normalmente estaban ocupadas por barreños cheos de fabas secas, froita, ou polas cousas máis diversas. Esas mesas tiñan dous caixóns grandes nun lado. Neles gardábanse as escrituras da casa, recibos da contribución e outros documentos, como o libro de familia. A aquela mesa os caixóns quitáranllos meus

tíos, seguro que para gardalos co que tiñan dentro nun lugar máis seguro, e nese lado da mesa quedaran as dúas bocas rectangulares polas que entraban e saían os caixóns.

—*¡¡¡Fuera de ahí!!!*

Imaxinade unha caixa de zapatos xigante apoiada en catro patas. Nun dos laterais da caixa, abride dous ocos rectangulares de tres palmos de ancho por un de alto, separados entre si por outro palmo. Así era aquela mesa. Lisardín estaba estirado dentro dela. Por un dos ocos dos caixóns víaselle a barriga e o peito, e polo outro as canelas e os pés.

—*¡¡¡Sal de ahí inmediatamente!!!*

Ante a orde de don José levantáronse todos os que estaban sentados ó redor da mesa grande e botáronse a un lado. Eran os máis vellos da escola, a maioría xa mozos. Don José apartou o escano con tanto brío que case nos manca ós máis pequenos, que seguíamos sentados, mirando ó chan, na outra rea de mesas.

—*Cago na puta que te pariu, cura!!*

Lisardín era o máis pequeno de cinco irmáns e era tamén dos máis pequenos da escola. Sempre traía colgando dous regueiros de mocos ben verdes que lle baixaban a velocidade constante cara á boca. El ía lambéndoos, pasando a lingua polo beizo superior, como se fose un limpaparabrisas.

Algunhas veces tamén facía coma os demais e limpábaos nas mangas. Tiñamos a certeza de que Lisardín non ía saír, por moito que don José lle berrase. Tamén sabíamos, sen necesidade ningunha de velo, que os mocos lle seguían fluíndo a velocidade constante dentro da mesa, aínda que estivese deitado.

—¡¡¡¡He dicho que salgas!!!!

Don José agachouse e tratou de meter unha man polo oco dun dos caixóns, pero retirouna ó instante porque por alí empezaron a asomar os zocos de Lisardín ceibando couces a unha velocidade asombrosa. Don José ben deitou que, separando as bocas dos dous caixóns, había unha peza de madeira que cortaba o percorrido dos couces de Lisardín.

—¡Juro por Dios que de ahí te saco yo!

Don José fixo outra tentativa para tratar de collerlle a Lisardín un dos pés cando asomaban lanzando couces. De súpeto, deu un paso adiante e meteu os dous brazos pola outra boca da mesa. Don José colleu a Lisardín pola cintura, por un barazo que traía de cinto e tirou con todas as súas forzas, pero ó tratar de sacalo así, de fronte, collido pola cintura, o corpo de Lisardín non cabía polo oco do caixón. Tería que sacalo ou ben coa cabeza por diante por aquel oco ou ben cos pés por diante polo outro. Pero don José seguía tirando, e o corpo non daba dobrado para atrás.

—¡Este niño es la reencarnación del mismísimo demonio!

O cura colleu ben coas dúas mans polo barazo que facía de cinto, apoiou un pé no lateral da mesa e empezou a tirar outra vez, pechando os ollos e poñéndose roxo como unha grana. O corpo de Lisardín empezouse a expandiñar polo medio cara atrás. Saíulle a barriga primeiro; despois o peito e as cadeiras. O barbarote saíulle raspando contra o marco dereito do burato que case lle arrinca o nariz, e os mocos empezaron a saír mesturados con sangue. Don José deu un último tirón, e o corpo de Lisardín saíu dobrado para atrás, como se lle partisen a columna polo medio.

—*¡¡¡Desgraciado!!!*

Tal como o tiña collido, sostido polo barazo do cinto, coa cabeza e as pernas colgando como se estivesen sen vida, marchou con Lisardín no aire cara á porta do cuarto, que daba ó corredor do que baixaban as escaleiras cara ó curral. Nós saímos todos en silencio detrás del. Don José parou no pico da escaleira, colleu impulso e arrebolou a Lisardín polas escaleiras abaixo. O corpo roulou ata quedar inmóbil, coma un fardo roto, nas laxes do curral.

—*Pero home, polo cravos de Cristo, como lle fixo esto ó neno?*

Miña tía xa debía estar alerta, porque os berros de don José desde logo que se tiñan que oír ben desde a cociña, e foi de inmediato a socorrer a Lisardín. A don José tremíanlle as mans e os brazos e alasaba moi forte. Miña tía trataba de reanimar a Lisardín mentres lle limpaba o sangue e os mocos da cara cun trapo mollado. Pero el seguía como morto. Miña tía mandou avisar o pai do neno.

O pai de Lisardín chamábase Lisardo e era algo parente noso. Estivera emigrado dous anos en Suíza. Cando volveu dicía moitas palabras en alemán, ou iso nos facía crer. Pero realmente debía ser moi bo para as linguas; por alí todos dicíamos “tu” e “paílla” e el dicía “ü” e “tixola”. Tiña fama de tolo e de rabiado e ninguén o tiña en grande estima. Ademais pegáballe á nai, á muller, ós fillos e a un irmán, Ramiro, que quedara solteiro na casa, durmía no hórreo e dicían que estaba mal da cabeza.

—*Que fixo desta vez?*

Lisardo viña cunha machada na man. En canto oíu a voz de seu pai, Lisardín empezou a recuperar o sentido. Contáronlle ó pai o que pasara. Conforme avanzaba a explicación, Lisardín

foise erguendo e empezou a andar cara á portada. Lisardo botou cara a el e arreoulle co mango da machada na cabeza.

—*Serás animal! Pasa prá casa que te mato!*

En canto foron algo grandes, Lisardín, os irmáns e a nai escaparon para Barcelona. Pouco despois, unha mañá de inverno, Lisardo apareceu morto na horta, cuberto de xeadá.